

Acta da Comisión Permanente do día 10 de setembro de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 10/09/2025
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 10/09/2025
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos
- IV. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta convocatoria
- V. Novos horarios de primeiro curso dos graos impartidos na Escola.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o 23 de xullo de 2025.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

A Presidenta indica que se achegaron cinco solicitudes de recoñecemento de créditos: dúas para o Grao en Enxeñaría da Enerxía e tres para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Anexo III). A continuación comenta cada caso e a proposta de recoñecemento para cada un deles:

- Solicitud de recoñecemento para o GEE de estudante provinte do *Grado en Ingeniería Energética de la Universidad de Valladolid*. Proponse emitir informe desfavorable porque a materia xa foi utilizada noutro recoñecemento previo: o contido desta materia xa está contemplado no 2º curso do plan de estudos, e foi recoñecida na CP do 25/09/2024 pola materia "Circuitos e máquinas eléctricas", complementando os contidos da materia "Máquinas eléctricas" recoñecida pola CP do 17/07/2024. Considérase que non procede, polo tanto, recoñecer de novo por 6 créditos optativos de 4º curso.
- Solicitud de recoñecemento para o GERME de estudante provinte do Grao en Enxeñaría Eléctrica da UVIGO. Trátase dun caso estándar; proponse informar favorablemente o recoñecemento da materia solicitada "Matemáticas: Cálculo II".
- Solicitud de recoñecemento para o GERME de estudante provinte do GEE. Proponse informar favorablemente xa que se trata de materias comúns aos dous graos.
- Solicitud de recoñecemento para o GEE de estudante provinte do GERME. Proponse informar favorablemente porque se trata de dúas materias comúns aos dous graos.
- Solicitud de recoñecemento para o GERME de estudante provinte do Grao en Enxeñaría Eléctrica da UVIGO. Proponse informar favorablemente os recoñecementos solicitados, xa que son estándar, excepto dúas materias que non

teñen correspondencia na titulación. Ademais, propónse un cambio en relación á materia “Oficina técnica” xa que a Comisión considera que o seu contido se corresponde máis coa materia “Proxectos” que coa materia “Proxecto colaborativo”.

Apróbase, por asentimento, a proposta de recoñecemento de créditos para as 5 solicitudes.

3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender este mes de setembro.

A Presidenta indica que foi achegada unha solicitude de defensa de TFG do plan en extinción do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Sinala que, por motivos xustificadas, non poido defendelo en xullo, polo que se propón convocar a defensa nesta data co mesmo tribunal da convocatoria de xullo (Anexo IV).

Apróbase a proposta por asentimento.

4. Ratificación, se procede, da solicitude de grupos extra tipo B e C para materias de primeiro cuatrimestre do primeiro curso dos graos impartidos neste centro.

A Presidenta sinala que, a diferenza dos últimos cursos, no actual se cubriron as prazas nos dous graos impartidos no centro (Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos). Debido a este incremento excepcional do número de estudantado de novo ingreso matriculado nos graos e tendo en conta o número de estudantado repetidor nalgúns materias de primeiro curso, propónse solicitar o incremento de 1 grupo B nas materias comúns do primeiro cuatrimestre que contan con docencia de tipo B: Química: Química (10 horas), Física: Física I (10 horas), Expresión gráfica: Expresión gráfica (20 horas). En conversación telefónica, dende o vicerreitorado se trasladou que en principio non hai problema en atender a solicitude, pero que é necesario aprobala nun órgano colexiado do centro e dar traslado da solicitude á COAP.

Apróbase, por asentimento, a solicitude de aumento de grupos proposta.

5. Aprobación, se procede, da modificación de horarios de primeiro curso dos graos impartidos nesta Escola.

O aumento de grupos aprobado no punto anterior require a modificación dos horarios do primeiro curso dos graos para o primeiro cuatrimestre. A mos a proposta (Anexo V) e a comenta indicando que se recollen dúas alternativas. Sinala cal é a opción prioritaria, na que o horario quedaría máis compacto, pero aclara que aínda non se conta co visto bo do profesorado dunha das materias. Propón, polo tanto, aprobar as dúas opcións, coa priorización indicada, delegando na Presidenta a xestión da versión definitiva.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dez de setembro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 10/09/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 10 de setembro de 2025, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o 23 de xullo de 2025.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender este mes de setembro.
4. Ratificación, se procede, da solicitude de grupos extra tipo B e C para materias de primeiro cuatrimestre do primeiro curso dos graos impartidos neste centro.
5. Aprobación, se procede, da modificación de horarios de primeiro curso dos graos impartidos nesta Escola.
6. Rogos e preguntas.

Vigo, 3 de setembro de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-f00f-6846-0fe5-3c91-d26b-9910-4cfb-4176

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 03/09/2025 12:49 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 10/09/2025

Asistentes á Comisión Permanente do 9 de setembro de 2025	
Presidenta da Comisión	
Elena Alonso Prieto	
Secretario da Comisión	
Guillermo García Lomba	
Subdirector/a	
Raquel Pérez Orozco	
Profesorado	
Fernando García Bastante	
Eduardo Giráldez Pérez	
Javier Taboada Castro	
Javier Vijande López	
Estudantes	
-	
PAS	
M ^a Carmen Romo Pérez	

ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos

ANEXO IV

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta convocatoria

ANEXO V

Novos horarios do primeiro curso dos graos impartidos na Escola